



## Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/deportivas

# Materia: Historia de España

<b>Grao</b>	SUPERIOR	<b>Data</b>	30/05/2023	<b>DNI/NIF</b>	
<b>Alumno/a</b>					
<b>Cualificación</b>					

### INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta, en primeiro lugar, de 10 exercicios tipo test. O alumnado deberá elixir unha única opción e sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno. En segundo lugar deberá ler con detemento o documento proposto para abordar, a continuación, a análise e comentario do mesmo, contestando ás preguntas que guían o seu desenvolvemento.

#### Puntuación

**Total: 10 puntos.**

- Test: cada resposta correctamente contestada sumará 0,70 puntos. As respostas incorrectas ou en branco non suman nin restan puntuación. A cualificación máxima deste apartado é 7 puntos.
- Comentario de texto: cualificarase cun máximo de 3 puntos. Valorarase a expresión ordenada das ideas, a identificación dos elementos significativos básicos, así como a capacidade de análise e relación co momento actual.

#### Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

#### Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indícanse debidamente na táboa final de solucións.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

## Parte 1

---

### Test

Indique a resposta correcta na táboa da derradeira páxina:

1. A Gran Armada, denominada retrospectivamente "Armada Invencible", foi unha expedición militar marítima que foi planificada para destronar a Isabel I e invadir Inglaterra. Identifica, entre as seguintes propostas, a opción que corresponde ao monarca español que a impulsou:

*La Gran Armada, denominada retrospectivamente "Armada Invencible", fue una expedición militar marítima que fue planificada para destronar a Isabel I e invadir Inglaterra. Identifica, entre las siguientes propuestas, la opción que corresponde al monarca español que la impulsó:*

- a) Carlos I.
- b) Felipe II.
- c) Carlos II.

2. O reinado de Fernando VII sitúase historicamente entre a Guerra da Independencia e as guerras carlistas. Este período, coas súas tres etapas, significa a loita entre o Novo Réxime e o Antigo Réxime. Cal é a duración cronolóxica do reinado?

*El reinado de Fernando VII se sitúa históricamente entre la Guerra de la Independencia y las guerras carlistas. Este período, con sus tres etapas, significa la lucha entre el Nuevo Régimen y el Antiguo Régimen. ¿Cuál es la duración cronológica del reinado?*

- a) 1814-1830.
- b) 1814-1833.
- c) 1833-1868.

3. En 1835 chega ao goberno Juan Álvarez Mendizábal, artífice dunha política pola cal as terras e edificios en "mans mortas" (bens da Igrexa e ordes militares) pasaban a mans do Estado. Como se chamou ese proceso?:

*En 1835 llega al gobierno Juan Álvarez Mendizábal, artífice de una política por la cual las tierras y edificios en "manos muertas" (bienes de la Iglesia y órdenes militares) pasaban a manos del Estado. ¿Cómo se llamó ese proceso?:*

- a) Confiscación.
- b) Expropiación.
- c) Desamortización.

4. Tras a caída da I República, un golpe de estado en 1874 a cargo do Xeneral Arsenio Martínez Campos axudou á restauración da monarquía borbónica na figura de ...

*Tras la caída de la I República, un golpe de Estado en 1874 a cargo del General Arsenio Martínez Campos ayudó a la restauración de la monarquía borbónica en la figura de ...*

- a) Alfonso XII.
- b) Isabel II.
- c) Amadeo I.

5. En febreiro de 1898 estoura un acorazado norteamericano nas costas cubanas, o que orixina un enfrontamento bélico entre EEUU e España. Cal era o nome do barco?

*En febrero de 1898 explota un acorazado norteamericano en las costas cubanas, lo que origina un enfrentamiento bélico entre EEUU y España. ¿Cuál era el nombre del barco?*

- a) Kentucky.
- b) Maine.
- c) Libertad.

6. En 1935, Alejandro Lerroux ten que dimitir da presidencia do goberno tras estourar o escándalo do extraperlo, na que se viu envolvida a súa familia. En que consistiu este escándalo?

*En 1935, Alejandro Lerroux tiene que dimitir de la presidencia del gobierno tras estallar el escándalo del extraperlo, en la que se vio envuelta su familia. ¿En qué consistió este escándalo?*

- a) Na importación de tabaco de Marrocos sen pagar taxas.  
*En la importación de tabaco desde Marruecos sin pagar impuestos.*
- b) Na instalación dunha ruleta fraudulenta no casino de San Sebastián.  
*En la instalación de una ruleta fraudulenta en el casino de San Sebastián.*
- c) Na elección a dedo de varios familiares de Lerroux en distintos concellos.  
*En la elección a dedo de varios familiares de Lerroux en distintos ayuntamientos.*

7. Que se coñece co nome de "Brigadas Internacionais" no período da Guerra Civil?

*¿Qué se conoce con el nombre de "Brigadas Internacionales" en el período de la Guerra Civil?*

- a) Voluntarios estranxeiros loitando no bando republicano.  
*Voluntarios extranjeros luchando en el bando republicano.*
- b) Os servizos de espionaxe soviéticos.  
*Los servicios de espionaje soviéticos.*
- c) Soldados de Italia e Alemaña enviados para axudar ao exército de Franco.  
*Soldados de Italia y Alemania enviados para ayudar al ejército de Franco.*

8. A pesar de que a postura oficial de España durante a Segunda Guerra Mundial foi a neutralidade, nun principio a ONU rexeitou a adhesión de España, alegando as características fascistas do Réxime Franquista. En que ano se produciu a entrada de España nas Nacións Unidas, que supuxo o recoñecemento internacional ao Réxime e o fin do isolacionismo desde a posguerra?

*A pesar de que la postura oficial de España durante la Segunda Guerra Mundial fue la neutralidad, en un principio la ONU rechazó la adhesión de España, alegando las características fascistas del Régimen Franquista. ¿En qué año se produjo la entrada de España en las Naciones Unidas, lo que supuso el reconocimiento internacional al Régimen y el fin del aislacionismo desde la posguerra?*

- a) 1945.
- b) 1955.
- c) 1965.

9. Ao remate da Ditadura de Franco, Arias Navarro, ante a crise económica e o descontento social, realizou un intento de apertura do Réxime. Con que nome se coñece a esa política, lembrando o día en que se propuxo ás Cortes?

*En los últimos años de la Dictadura de Franco, Arias Navarro, ante la crisis económica y el descontento social, realizó un intento de apertura del Régimen. ¿Con qué nombre se conoce a esa política, recordando el día en que se propuso a las Cortes?*

- a) Espírito do 6 de marzo.

*Espíritu del 6 de marzo.*

- b) Espírito do 12 de febreiro.

*Espíritu del 12 de febrero.*

- c) Espírito do 1 de xuño.

*Espíritu del 1 de junio.*

10. O 8 de febreiro de 1977 Suárez aproba por decreto a legalización dos partidos políticos, excepto un que quedou fora até o 9 de abril dese mesmo ano. A legalización dese grupo causou gran malestar nas filas do exército, pero supuxo un fito na Transición. A que partido político nos referimos?

*El 8 de febrero de 1977 Suárez aprueba por decreto la legalización de los partidos políticos, con excepción de uno que quedó fuera hasta el 9 de abril de ese mismo año. La legalización de ese grupo causó gran malestar en las filas del ejército, pero supuso un hito en la Transición? ¿A que partido político nos referimos?*

- a) Alianza Popular.

- b) Partido Socialista.

- c) Partido Comunista.

## Parte 2

### Comentario de texto

**A Ditadura de Franco levou a cabo un intenso proceso de adoutrramento que contou coa complicidade e imprescindible colaboración da Igrexa Católica co fin de formar a mozos e mulleres no mantemento dos valores tradicionais. Este texto e a imaxe que o acompaña amosan o modelo de muller e esposa que o Réxime favorecía a través do seu programa educativo e de propaganda.**

*La Dictadura de Franco llevó a cabo un intenso proceso de adoctrinamiento que contó con la complicidad e imprescindible colaboración de la Iglesia Católica con el fin de formar a jóvenes y mujeres en el mantenimiento de los valores tradicionales. Este texto y la imagen que lo acompaña muestran el modelo de mujer y esposa que el Régimen favorecía a través de su programa educativo y de propaganda.*

«A través de toda a vida, a misión da muller é servir. Cando Deus fixo o primeiro home, pensou: non é bo que o home estea só. E formou a muller para a súa axuda e compañía, e para que servise de nai. A primeira idea de Deus foi o home. Pensou na muller despois, como un complemento necesario, isto é, como algo útil».

Fragmento do libro de texto de Formación Político-Social do primeiro curso de Bacharelato, 1963.

*«A través de toda la vida, la misión de la mujer es servir. Cuando Dios hizo el primer hombre, pensó: no es bueno que el hombre esté solo. Y formó a la mujer para su ayuda y compañía, y para que sirviera de madre. La primera idea de Dios fue el hombre. Pensó en la mujer después, como un complemento necesario, esto es, como algo útil».*

Fragmento do libro de texto de Formación Político-Social del primer curso de Bachillerato, 1963.



**a) Fai un resumo do texto e explica a posición social da muller representada na imaxe.**

*Haz un resumen del texto y explica la posición social de la mujer representada en la imagen.*

**b) Que función ten a muller segundo o texto? Desenvolve un comentario crítico ao respecto desta situación, en relación a valores sociais como a igualdade, a iniciativa, a autonomía e o desenvolvemento persoal, dereitos, ...**

*¿Qué función tiene la mujer según el texto? Desarrolla un comentario crítico al respecto de esta situación, en relación a valores sociales como la igualdad, la iniciativa, la autonomía y el desarrollo personal, derechos ...*

**c) Elabora un resumo acerca da situación das mulleres durante o franquismo.**

*Elabora un resumen acerca de la situación de las mujeres en la Dictadura Franquista.*

## Historia de España

---

### Táboa de respostas do test

TÁBOA DE RESPOSTAS			
Nº	A	B	C
1		X	
2		X	
3			X
4	X		
5		X	
6		X	
7	X		
8		X	
9		X	
10			X

Preguntas tipo test	/ 7
Redacción	/ 3
Total	/10

## Comentario de texto

**a)** Resposta aberta. Valorarase a corrección ortográfica e gramatical, así como a comprensión lectora e a capacidade de síntese do alumnado. En todo caso, débese resaltar que ás mulleres se lles impón na sociedade un papel marxinal, independentemente da súa clase social, dedicadas (preferentemente) á administración do fogar e ao coidado dos fillos, limitando as súas capacidades e a liberdade de que gozan os varóns.

**b)** Neste texto supeditase a muller ao home: é unha axuda, vai despois do home, é un complemento, ademais de nai. O alumnado deberá expresar a súa opinión de forma coherente. Sería bo que incidise en valores como igualdade, desenvolvemento persoal, conquista de dereitos...

**c)** A base social do franquismo foi a familia patriarcal e xerárquica, no que o papel da muller se reducía a ser unha esposa submisa, compracer ao marido, coidar os fillos e atender a casa. A súa maioría de idade fixébase en 25 anos, e dependían do pai primeiro e do marido despois. A educación consolidou a desigualdade, especialmente a través da Sección Feminina e nos centros educativos.

A partir da década dos 60, a situación tendeu a mellorar.